SOÑO DUNHA SOMBRA
SUEÑO DE UNA SOMBRA – DREAM OF A SHADOW

Ilustracións de XOSÉ COBAS

Epílogo (en galego, castelán e inglés) de MANUEL RIVAS

Encadernado en cartoné. Faixa sobrecuberta. 29 x 23,5 cm. 40 páx. 23 €
ISBN 978-84-1343-406-3. Arte.

"A casa do Soño dunha Sombra é unha arca. A mirada fértil de Xosé Cobas, a man sincera, meteunos nese corpo aberto. Estamos no ventre da casa. No líquido amniótico do soño e a sombra. É un libro que cambia a ollada, que conxura a síndrome do abandono. Comprométenos tanto que non podemos facer outra cousa que habitalo..."

[Fragmento do epílogo de Manuel Rivas]

Tras case corenta anos dando forma e color aos textos de grandes escritores e escritoras, Xosé Cobas aborda o seu primeiro libro en solitario, a súa obra máis persoal.

Dende as mesmas gardas deste libro sen palabras, «Soño dunha sombra» parte dunha negrura absoluta que se vai abrindo camiño cara á luz que ilumina unha porta, dirixindo progresivamente as lectoras e os lectores ao interior dunha vivenda antiga, silenciosa e habitada tan só por unha pega que, de xeito puntual, se asoma na claridade ou na penumbra das estancias. "A ave representa todas as ausencias. É o vínculo entre o aquén e o alén. E tamén encarna a lóxica que pauta a vida na casa do Soño dunha Sombra: a lóxica do asombro", precisa Manuel Rivas nun vibrante epílogo a modo de reflexión entre a filosofía existencial, a análise pictórica e a inspiración literaria.

A variedade de perspectivas —o efecto *zoom*, os picados e os contrapicados que configuran as imaxes como fotogramas dun filme— e a riqueza de matices logrados —texturas, volumes, reflexos, atmosferas— na representación de cada escena, dá conta tanto da minuciosa estrutura visual da obra como da mestría técnica do autor. Así, Xosé Cobas —cuxa traxectoria procede da pintura— é dos poucos ilustradores actuais que traballa con óleo, neste caso, sobre cartolina imprimada. Estamos, pois, ante un libro cuxos orixinais —reproducidos con cámara fotográfica, de aí a complexidade do proceso de impresión— son auténticas obras de arte nas que demorar a lectura, a contemplación, volvendo a elas para apreciar o seu ambiente nebuloso envolto no misterio, para explorar a escuridade dulcificada polas sombras...

«Soño dunha sombra» é a culminación de doce anos de creación nos que o seu *alquimista* ten nutrido estas páxinas con referencias tan selectas como «O eloxio da sombra» do novelista Junichiro Tanizaki, a obra do pintor hiperrealista Richard Estes, a melancolía de Edward Hopper, o impresionista Claude Monet ou os tenebristas barrocos, alén das influencias cinematográficas ou ata da linguaxe do cómic. Velaí o perfecto trazado das arquitecturas, a elegancia dos encadres, a sensibilidade nos detalles; mais tamén a emoción na homenaxe a unha construción con máis de 150 anos de historia, a memoria, a autenticidade dun espazo íntimo, a viaxe que nos transporta dende a noite dos tempos ata a luz do mañá.

- **Temática:** arte, luz, sombra, escuridade.
- **Idade recomendada:** dende 8 anos.
- **Aspectos destacables:** libro silente, pintura, cine, arquitectura, filosofía; noite/día, tempo, silencio, emoción, memoria; do ilustrador de «Azucre», «Filla das ondas», «O pintor cego», «Cadros dunha exposición», «Galego, á beira do mar» e «Memorias de un niño campesino» (Kalandraka).
- **Avance do libro:** https://issuu.com/kalandraka.com/docs/sonho-dunha-sombra

Xosé Cobas

(Logrosa, Negreira, 1953)

Comezou a súa traxectoria como ilustrador na prensa diaria. A finais dos 80 centrouse na ilustración de libros infantís e xuvenís, faceta que compaxinou co seu traballo como deseñador gráfico na Deputación da Coruña. A súa produción bibliográfica suma máis de douscentos títulos. Expuxo as súas obras en galerías de España, Europa e Latinoamérica. Recibiu o Premio Gourmand World Cookbook ao mellor libro de literatura gastronómica en español, o Premio Fetén ao mellor libro de teatro ilustrado, os premios Díaz Pardo e Neira Vilas, e foi seleccionado na lista The White Ravens.
www.xosecobas.es
https://kalandraka.tv/gl/videos/xose-cobas/

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com